Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 22 Maio 2015 21:14



Rafael Lores Rosal – Baiona. Exconcelleiro e voceiro municipal do PSOE, Rafael Lores Rosal é o actual secretario xeral da executiva local da agrupación do PSOE de Baiona. A súa candidatura á alcaldía chega tras a celebración de primarias nas que ademais de afiliados, participaron por primeira vez os simpatizantes socialistas de Baiona.

**Economía**

**Baiona, xunto aos concellos do Val Miñor atópanse na cola de concellos de Galicia con menos inversión por habitante, nunha media de 25€/habitante. Que opinión lle merece a actual política de gastos e ingresos do Concello de Baiona? Que eidos deberían ser correxidos con urxencia para beneficiar aos veciños?**

O que podemos considerar un insulto é que haxa un superávit de máis de 600 mil euros no derradeiro exercicio económico e non haxa nin un só plan de inversión pública para favorecer o emprego e a reactivación do comercio e o sector pesqueiro, así como iniciativas para favorecer o acceso a vivenda.

**Podería adiantar algunha proposta concreta do seu partido cara á dinamización da economía local de Baiona? Ao seu criterio qué sectores deben impulsar Baiona como concello?**

Plan Estratéxico para a recuperación dos bancos marisqueiros. Apoio ás iniciativas que teñan como obxectivo o estudo e coñecemento das tradicións mariñeiras, a defensa e promoción do medio natural mariño e as actividades de pesca e marisqueo responsable e sostible. Realización dun Plan Estratéxico de Turismo de Baiona, con participación de todos os sectores implicados, para a posta en marcha de políticas turísticas seguindo os principios de innovación, calidade e promoción. Deseñar, conxuntamente co sector, ofertas turísticas destinada a poboacións próximas como Vigo, Santiago, Ourense, Porto.., con programas diarios e de fins de semana. Realzamento de "Baiona: Centro Comercial Aberto". Integrar ao sector pesqueiro como elemento dinamizador do turismo. Ampliar a oferta turística ás parroquias. Propiciar un pacto pola noite de todos e todas, onde se garanta a liberdade de xestión do ocio co dereito dos veciños a descansar.

**A Mancomunidade do Val Miñor – Como valora os acordos/actividade deste ente supramunicipal? Cales son as súas propostas para os próximos 4 anos?**

Actualmente a actividade e irrelevante para os veciños e veciñas do Val Miñor. Deberíanse mancomunar servizos

**Emprego**

**Que opina das políticas de emprego desenvolvidas no concello? Que iniciativas pode esperar a cidadanía nesta materia de vostede acadase a alcaldía?**

Non hai. Débese incentivar dende o Concello a contratación, con axudas e reducións nas taxas municipais. Creación dun viveiro de empresas adicado a iniciativas innovadoras en Náutica Deportiva (materiais, comunicacións, deseño, etc). Búsqueda de fórmulas para cualificar ós traballadores y traballadoras nos novos sectores de actividade: enerxías renovables, economía verde, dependencia, etc.

Impulsar un Pacto polo Emprego e a Nova Economía coa colaboración das distintas administracións e dos interlocutores sociais - empresarios e os demais axentes do sector asociativo- para lograr canto antes a recuperación económica, crear traballo e sentar as bases dunha economía máis sostible.

**Cal é a súa visión das políticas cara á xuventude adoitadas nos últimos catro anos? Que iniciativas presentará para mellorar a calidade de vida da mocidade de Baiona?**

Non hai. Facilitar a compra ou aluguer de vivendas para favorecer a independencia. Políticas activas de emprego. Crear programas de intercambios en distintos ámbitos para desenvolver proxectos específicos.

**Servicios sociais**

**Qué valoración fai das políticas sociais e de axuda á dependencia / emerxencia social xestionadas dende o concello? Cales son as medidas concretas que propón o seu partido?**

O actual goberno non ten sensibilidade ante os problemas dos veciños e veciñas de Baiona. Recada por multas de tráfico 155.000 euros e adica a emerxencia social 17.000 euros

**Corrupción – transparencia - participación**

**Que medidas concretas adoitará o seu partido de cara a erradicar a lacra da corrupción no eido local?**

Transparencia na xestión e nas contas

**Que cambios considera urxentes en materia de transparencia, xa sexa no acceso á información como na contratación de empresas e persoal para servizos municipais?**

Facilitar o acceso a información.

**Os plenos municipais/ supramunicipais dos últimos catro anos non teñen sido exemplo de democracia participativa? Que medidas propoñen de cara á facilitar a participación da vecindade e dos colectivos no impulso de iniciativas populares?**

Cambiar o horario e favorecer a participación veciñal

**Urbanismo**

**A aprobación do PXOM de Baiona trae consigo desarrollos urbanísticos controvertidos como o futuro campo de golf de Baredo? Cales van ser os pros e os contras deste "equipamento deportivo" cara á vecindade?.**

O anuncio do campo de Golf é propaganda electoral. Nin hai terreos nin hai prevista inversión. Non se coñece o modelo nin o impacto medioambiental.

**En materia de mobilidade e transporte, cales son os principais desafíos que debe asumir o próximo goberno municipal? Que papel debe xogar o futuro goberno de Baiona para acadar un transporte público adecuado en materia de servizo e custe entre as parroquias?**

Garantir a comunicación entre as parroquias

**A autoestrada do Val Miñor atópase nestes momentos infrautilizada segundo os estudos**

**de mobilidade e tráfico que manexa a Xunta de Galicia? Serve esta infraestrutura como método útil de interconexión entre os concellos do Val Miñor? Cómo se pode sacar maior proveito para a vecindade local?**

Hai que suprimir a peaxe e enlazar á Universidade

**Medioambiente**

**A Foz do Miñor, un espazo en Rede Natura machacado pola contaminación? Cales son as súas propostas para restaurar a degradación deste espazo de alto valor ecolóxico?**

Recuperar a Foz como zona apta para o marisqueo

**Que outras medidas de recuperación ou melloras ambientais plantexades dende a vosa candidatura?**

Eliminar os vertidos á baía e esixir o saneamento do río Miñor

**Ademais dos temas consultados, que propostas entende urxente encamiñar cara ó mandato 2015 – 2019?**

Garantir o aparcamento os veciños e veciñas. Comedores escolares